

## **DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN REMITIR OS CEE BENEFICIARIOS DAS AXUDAS CONVOCADAS NO EXERCICIO 2021 e 2022, COMO MÁXIMO O 15 DE FEBREIRO DE 2023**

*ORDE do 4 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2021-2022 (DOG Núm. 160, 20/08/2021)*

*ORDE do 13 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2022-2023 (DOG Núm. 184, 27/09/2022)*

### **1) RISCOS LABORAIS**

É unha obriga do CEE establecida no artigo 19.i) ter levado a cabo a organización preventiva, a auditoría, se procede, e o plan de prevención, de acordo co previsto na lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e a normativa regulamentaria de desenvolvemento.

Para xustificar o cumprimento desta obriga os CEE beneficiarios deberán cumprir co preceptuado no artigo 19.n) e presentar a certificación de realización do plan de prevención de riscos laborais a que se refire o artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

### **2) CADRO DE PERSOAL DO CEE E OUTROS DATOS**

De acordo coa obriga prevista no artigo 19.n) das ordes indicadas anteriormente e coa finalidade de dar cumprimento ao establecido no artigo 13 do Real Decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de centros especiais de emprego, os centros beneficiarios desta subvención deberán remitir a información que se lles solicita no modelo denominado *Seguimento CEE.2022\_Memorias*, publicado no seguinte enlace:  
[https://empregoigualdade.xunta.gal/axudas-sbvencions/emprego?content=iniciativa\\_0119.html](https://empregoigualdade.xunta.gal/axudas-sbvencions/emprego?content=iniciativa_0119.html)

**Cada centro especial de emprego deberá enviar unha única folla de cálculo**

**O modelo consta de 4 pestanas nas que se deberá cubrir a seguinte información:**

- **Mem.1:** Resumo de datos do CEE e do cadro de persoal total do centro especial de emprego (incluídos todos os centros de traballo de Galicia).
- **Mem.2:** Relación nominal das persoas traballadoras con discapacidade de cada centro de traballo.

Nesta relación débese incluír todo o persoal con discapacidade de alta na empresa durante todo o ano 2022.

**Deberán engadirse tantas pestanas *mem.2* como centros de traballo teña o centro especial de emprego** inscritos no Rexistro administrativo de centros especiais de emprego de Galicia e polos que se solicitou subvención de custo salarial na convocatoria 2021-22 e/ou 2022-23)

- **Mem.3:** Datos dos centros de traballo de cada CEE para os efectos de reserva de contratos administrativos. Para facilitar a cota de reserva de contratación administrativa para centros especiais de emprego, prevista no artigo 26 da Lei 14/2013, do 27 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (DOG núm. 17, do 27 de xaneiro), e poder dar unha adecuada información por parte da Secretaría Xeral de Emprego aos órganos de contratación da administración autonómica, deberán informar sobre as actividades económicas reais que desenvolve ese centro, de acordo coas súas normas reguladoras, estatutos ou regras fundacionais, así como que nos confirmen sobre o resto de datos que constan nesta subdirección xeral, (enderezos dos centros de traballo, teléfono e enderezo electrónico)
- **Mem.4:** Outros datos de interese.

A documentación indicada nos apartados 1 e 2 deberán remitila a través da sede electrónica utilizando o formulario “achega de documentación separada da solicitude” dentro do procedemento TR341M, e dirixida ao Servicio de fomento do emprego en economía social.

Para calquera aclaración ou dúbida sobre a cumprimentación dos modelos e a remisión de documentación poden chamar aos teléfonos do Servizo de Fomento do Emprego en Economía Social: 981 544 716 e 981 957 253.

*Lémbrese aos CEE beneficiarios a **obriga de presentar a memoria anual no Rexistro Administrativo** de centros especiais de emprego de Galicia na Subdirección Xeral de Economía Social da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, **co contido e no prazo establecido no artigo 8º do Decreto 200/2005, do 7 de xullo**, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de centros especiais de emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento (DOG nº 138, do 19 de xullo).*

#### **Subdirección Xeral de Economía Social**

Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social  
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade